

## *Pasaron e viron*

- ... *E todos pensabamos que Josefina e Topete estaban namorados.*

Así remataba sempre Morocha, a miña nai, as historias que nos contaba de cando viñan aqueles titiriteiros á Feira do Ghando.

Josefina era artista múltiple, aínda que, sobre todo, cantante. Topete era un dos pallasos, como Barriga Verde e Ramonet, pero ademais saxofonista e moitas máis cousas. Tamén había acróbatas, trapecionistas, funámbulos que camiñaban por un arame que case tocaba as nubes... e todas e todos, por suposto, sen rede. E moitos máis, artistas no sentido máis completo.

Fronte á Feira do Ghando estaba a *tahona* dos meus avós. Os meus avós, pais da Morocha e seis máis, eran moi conscientes na época da posguerra da fortuna que tiñan por non pasaren fame grazas á panadaría, e procuraban naqueles tempos que ninguén máis tampouco a pasase, polo que daban de comer e mesmo de durmir na *tahona* á xente que non tiña. Os titiriteiros non precisaban tanto, pero si que aproveitaban esa hospitalidade para iren aí muda-la roupa, que sempre era máis cómodo que facelo nos carromatos. Entraban na *tahona* vestidos de humanos e saían vestidos de artistas. Con todo iso, fóronse tecendo unhas boas relacións e unha amizade deles coa nosa familia, alá cando o século camiñaba entre unha aspa e a outra.

E a Morocha non cansaba de contárno-las historias dos titiriteiros, e das súas actuacións iluminadas polas estrelas e por un farol de carburo na Feira do Ghando.

- ... *E todos pensabamos que Josefina e Topete estaban namorados.*

A Feira do Ghando aínda era o noso paraíso cando eu era rapaz. Chea de carballos e plátanos nun chan de terra, nenas e nenos non parabamos de xogar ó fútbol coas

árbores facendo de portarías, de saltar á comba, de correr xogando á aña ou mesmo de pelexar.

Nunha desas tardes, eu tería cinco anos e xa a segunda aspa andaría pola vintena, neses tempos en que quedabamos coa boca aberta atendendo as historias de homes de branco que camiñaban levitando pola Lúa e de brasileiros de amarelo que levitaban xogando polas *feiras do ghando* de Jalisco. Si, tería eu cinco anos cando, nunha tarde desas, abrimos aínda máis a boca ó ver chegar aí, á nosa Feira do Ghando, unha caravana de carromatos, que de inmediato nos puxemos a perseguir.

Eran titiriteiros, outros titiriteiros, sucesores talvez daqueles que se mudaban na *tahona*. Eu tiven a sorte de seguir sen poder pecha-la boca ó ir pola noite á súa función na Feira do Ghando, co público de pé ó redor da pista de terra, sen rede coma sempre, coma sempre baixo o brillo das estrelas. E de balde para todo o mundo, rapazada e maiores, pagando só o que cadaquén quixese deixar nunha bolsa que pasaban no descanso.

Esa debeu se-la derradeira vez. Os seguintes que virían xa non eran titiriteiros, eran circos que se instalaban na rúa do Bosque, co público sentado dentro dunha lona pechada, despois de pagar unha entrada, con luz eléctrica e, por suposto, con rede.

Moito tempo despois, cando xa aquelas vellas aspas se esgotaran e as novas viñan acompañadas dun pau, a miña nai entrou un día na casa cun sorriso e unha alegría diferentes, como poucas veces eu lembro tela visto.

- *A que non sabedes a quen vin tras un posto de lambonadas nas festas de Noia? A Josefina, a titiriteira, a cantante, a artista. Axiña nos recoñecemos e puxémonos a lembrar aqueles tempos e a nos conta-las nosas vidas.*

Nese momento, todos nós saltamos a un tempo para dici-lo mesmo:

- *E preguntácheslle..?*

- *Si, si, preguntei. E respondeume que non, que a súa relación con Topete nunca fora máis alá do artístico. Cada un tivo a súa vida. Ela amosoume fotos da súa familia, dos seus fillos, netos e bisnetos. Canto a Topete, díxome que hai xa anos que morreu...* – o sorriso que traía desapareceu por un momento, pero axiña o recuperou para seguir a contárno-lo seu prolongado encontro con Josefina.

*... E mira que todos pensabamos que Josefina e Topete estaban namorados.*

Se Josefina volvese pola Feira do Ghando, íalle custar traballo recoñecela. Ós poucos anos daquela postremeira función dos últimos titiriteiros, un consistorio con ansias de que A Serra ingresase no grupo das vilas modernas mandou converte-la Feira nun parque-alameda, para o cal quitaron os vellos carballos e plátanos, cubriron o chan de lousa e puxeron polo arredor algunhas árbores decorativas, e por suposto iluminación eléctrica. Dende entón, xa non se ven aí partidos de fútbol, saltos á comba, carreiras e nin sequera pelexas. A verdade, son raras as veces que non se ve baleira de todo.

A casa da *tahona* tampouco non é xa, agás para nós, casa da *tahona*. Anos despois de morre-los meus avós, o meu tío Paco, un dos seis, quedouse cunha parte e a outra foi vendida, e os seus novos donos restaurárona e eliminaron o vello forno, derradeiro vestixio da vella panadaría. Porén, as pedras que quedaron poderían aínda testemuñar que noutros tempos serviron de acollida para desgraciados e de vestiario para artistas.

Pasaron xa anos do día en que a miña nai entrou con aquel sorriso irrepitíbel na casa. Hoxe xa non está con nós. Pola contra, Josefina, a señora Josefa, aínda segue acudindo tódolos anos ás festas de Noia a vender lambonadas, malia que as súas compañeiras e compañeiros daqueles tempos xa deben andar todos máis preto da miña nai e de Topete que dela.

Mais eu sempre sospeito que, se nalgunha noite que fallase a luz eléctrica formos cun farol de carburo á Feira do Ghando, se puxermos atención, veríamos sombras de carballos e plátanos, e entre elas oiríamos soar fermosa unha melodía cantada por unha doce voz feminina acompañada dun saxofón. E aínda máis ó lonxe, de fondo, outra voz resoaría entre risas e aplausos dicindo : *Pasen e vexan, donas e cabaleiros (...) e sen rede, donas e cabaleiros (...) e non nos queremos despedir desta simpática vila da Serra, terra do poeta Añón, donas e cabaleiros, sen un agradecemento especial á señora María e ó señor Francisco da tahona.*

Eu nunca vin aqueles titiriteiros, pero tanto fai. Xamais os coñecín daquela, pero non importa. Estou seguro; ben o sei... que Topete e Josefina estaban namorados.